

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA**

RESOLUCIÓN do 1 de abril de 2025 pola que se convocan as actividades de formación continua en materia de igualdade e violencia de xénero para o persoal ao servizo da Administración pública da Comunidade Autónoma, das entidades públicas instrumentais do sector público autonómico, da Administración institucional, así como do persoal da Administración de xustiza de Galicia e de administración e servizos (PAS) das universidades públicas galegas.

Aprobado o programa de actividades formativas da Escola Galega de Administración Pública (EGAP) para o ano 2025 polo Consello Reitor deste organismo, de conformidade co artigo 6.2 da Lei 4/1987, do 27 de maio, de creación da EGAP, procede convocar as actividades de formación continua en materia de igualdade e violencia de xénero do ano 2025.

O Plan formativo en materia de igualdade e violencia de xénero para o ano 2025 continúa cunha oferta formativa conxunta para que todos os colectivos poidan acceder á formación con independencia da Administración a que pertencen.

Estas actuacións teñen o propósito de que o maior número de persoas ao servizo das administracións públicas poida acceder a unha formación específica sobre estes contidos, e contribuír así, a través da capacitación do persoal, a integrar a igualdade de oportunidades de xeito transversal nas actuacións das administracións públicas de Galicia.

As actividades formativas en materia de violencia de xénero están a ser financiadas con fondos do Pacto de Estado contra a violencia de xénero (Ministerio de Igualdade).

RESOLVO:

Convocar as actividades formativas que figuran no anexo II, que deberán desenvolverse segundo as bases detalladas no anexo I.

Santiago de Compostela, 1 de abril de 2025

Sonia Rodríguez-Campos González
Directora da Escola Galega de Administración Pública

CVE-DOG: a95md1e4-pdd7-daz1-m5i2-5yezrmhgtv04



ANEXO I**Bases****Primeira. *Requisitos dos/das participantes***

Poderá participar nas accións formativas convocadas nesta resolución:

1. O persoal ao servizo da Administración pública da Comunidade Autónoma, das entidades públicas instrumentais do sector público autonómico enunciadas na alínea a) do artigo 45 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, e da Administración institucional, da Administración de xustiza de Galicia, das entidades locais de Galicia e o PAS das tres universidades do SUG, que se encontre en situación de servizo activo (incluído o persoal que teña concedido un permiso por motivos de conciliación da vida persoal, familiar e laboral) e que reúna os requisitos establecidos nesta convocatoria e, para cada un dos casos, no anexo II.

Está exceptuado o persoal docente da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, o persoal das escalas dos corpos da policía de Galicia, policía local e bombeiros, e o persoal do Servizo Galego de Saúde, non entendendo por tal os/as empregados/as públicos/as da escala de saúde pública e Administración sanitaria creada pola Lei 17/1989, do 23 de outubro, de creación de escalas de persoal sanitario ao servizo da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. Para as actividades impartidas nunha modalidade que inclúe teleformación, as persoas interesadas deberán dispor dunha conta de correo electrónico cuxo enderezo terán que indicar na solicitude e dun equipamento informático que cumpra os seguintes requisitos técnicos:

- Un ordenador con conexión á internet.
- Un navegador web actualizado.

Para as actividades impartidas na modalidade de telepresenza contarán ademais cun manual de usuario na ligazón <https://egap.xunta.gal/ecloud/index.php/s/ZKijmeiZ5ypS3jd>, onde se explica como acceder á plataforma de telepresenza e se describen os compoñentes que o equipamento necesita para un funcionamento básico da plataforma.



Segunda. *Desenvolvemento das actividades de formación*

Os cursos realizaranse cos requirimentos, a duración e as condicións que para cada un deles se indique na convocatoria. A información relativa ao desenvolvemento das actividades, así como as súas posibles modificacións, será actualizada e ampliada na páxina web <<https://egap.xunta.gal>>.

Terceira. *Solicitudes e prazos*

1. O prazo de presentación de solicitudes será desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia* e ata o 16 de abril de 2025.

2. As solicitudes de participación nas actividades formativas só poderán realizarse mediante o formulario de matrícula telemática dispoñible no enderezo <<https://egap.xunta.gal/matricula>> desde as 9.00 horas da data de inicio do prazo de presentación de solicitudes e ata as 14.00 horas da data de finalización. As solicitudes entenderanse presentadas unha vez que se complete correctamente o proceso de matriculación.

3. O número máximo de cursos que se poden solicitar durante o prazo de presentación de solicitudes límitase a tres.

4. Non está permitida a realización de actividades de formación que teñan simultaneidade de horarios nunha ou varias sesións presenciais ou telepresenciais das actividades. Cando a/o alumna/o teña coñecemento de que foi seleccionada/o para un curso que teña dita coincidencia horaria con outro en que xa foi seleccionada/o debe renunciar a un deles. No caso de que se comprobe con posterioridade que unha persoa realizou simultaneamente varias actividades, non se lle expedirá certificación de ningunha delas e pasará ao final das listaxes de todas as actividades formativas que solicite e cuxo prazo de matrícula comece dentro do ano seguinte contado desde que se detecte o feito.

5. Serán excluídas automaticamente aquelas solicitudes que non se axusten ao formulario de solicitude, non teñan cubertos correctamente os datos precisos para a realización do proceso de selección ou sexan presentadas fóra de prazo.

6. As persoas que oculten ou falseen datos esenciais para a selección serán automaticamente excluídas das actividades solicitadas e pasarán ao final das listaxes de todas as actividades formativas que soliciten e cuxo prazo de matrícula comece dentro do ano seguinte contado desde que se detecte o feito.

CVE-DOG: a95md1e4-pdd7-daz1-m5i2-5yezrmhgtv04



7. As persoas interesadas en recibir mensaxes sobre o proceso de selección deberán facilitar un enderezo de correo electrónico e/ou un número de teléfono móbil.

8. As persoas que necesiten acreditar circunstancias específicas (discapacidade ou permisos de conciliación da vida persoal, familiar e laboral) de acordo cos criterios de selección poderán remitirle á EGAP a correspondente documentación complementaria, xunto cunha copia do formulario da matrícula, ao enderezo de correo electrónico <xestion.egap@xunta.gal>, sen prexuízo do previsto no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE núm. 236, do 2 de outubro). A devandita documentación deberá enviarse por unha única das vías indicadas; no caso contrario só serán considerados os datos achegados por correo electrónico. A documentación deberá presentarse dentro do prazo sinalado no número 1 desta base.

9. A EGAP adoptará as medidas necesarias para facilitar a presentación das solicitudes. As dúbidas, as dificultades técnicas e as peticións de información complementaria serán atendidas a través dos números de teléfono 981 54 62 57, 981 54 62 54, 981 54 63 35 e 981 54 62 53, en horario de atención ao público (das 9.00 ás 14.00 horas) e do enderezo de correo electrónico <xestion.egap@xunta.gal>.

Cuarta. *Protección de datos persoais e comprobación de datos*

1. Os datos persoais proporcionados polas persoas interesadas para a xestión das solicitudes de participación nas accións formativas convocadas a través desta resolución, así como aqueles outros que se recollan ou elaboren con motivo do desenvolvemento desta, serán tratados pola EGAP na súa condición de responsable do tratamento, coa finalidade de levar a cabo a selección do alumnado, a impartición da formación e a xestión xeral desta.

A lexitimación para o tratamento dos datos é o cumprimento dunha misión realizada en interese público conforme o disposto no artigo 6.1.e) do Regulamento xeral de protección de datos (RXPDP), con base no disposto na Lei 4/1987, do 27 de maio, de creación da Escola Galega de Administración Pública, e fundamentada nun interese público esencial (artigo 9.2.g) do RXPDP). Os datos identificativos das persoas seleccionadas para participar nas anteditas accións formativas serán publicados conforme o detallado na base sexta desta resolución. Así mesmo, os datos dos alumnos e alumnas relativos á súa participación nesta acción formativa poderán ser comunicados aos órganos da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia cando sexa estritamente necesario para o exercicio das súas competencias.

CVE-DOG: a95md1e4-pdd7-daz1-m5i2-5yezrmhgtv04



As sesións dos cursos impartidos na modalidade de telepresenza serán gravadas coa finalidade de ofrecer ao alumnado a posibilidade do seu visionado posterior como material de estudo, así como para a resolución de posibles reclamacións. En todo caso, o alumnado, se o considera oportuno, poderá desactivar a súa cámara e/ou micrófono e participar a través do chat de acordo coas indicacións da persoa docente. As devanditas gravacións conservaranse á disposición do alumnado e profesorado durante o tempo que dure a acción formativa ou, se é o caso, ata que finalice a avaliación do alumnado. A retransmisión das sesións formativas, e a gravación destas, poderá ser accesible unicamente ao profesorado e alumnado a que van dirixidas e ao persoal da EGAP autorizado.

Prohíbese expresamente a descarga, a difusión, a distribución ou a divulgación das gravacións e, particularmente, a súa compartición en redes sociais, xa que estes usos poden conculcar o dereito á protección de datos, o dereito á propia imaxe e os dereitos de propiedade intelectual, e poderían xerar responsabilidade disciplinaria, administrativa ou civil. As gravacións non poderán ser usadas para outros fins fóra do ámbito docente.

As persoas interesadas poderán solicitar ante a persoa responsable do tratamento o acceso, rectificación, limitación e supresión dos seus datos, así como opoñerse ao seu tratamento por motivos relacionados coa súa situación particular, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e nos rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en <https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos>. Contacto delegado/a de protección de datos e información adicional en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>

2. Conforme o disposto no artigo 28.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, para a tramitación do procedemento de selección consultaránse automaticamente os datos das persoas solicitantes das accións formativas necesarios para realizar o proceso de selección, salvo que a persoa interesada se opoña a iso.

3. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta deberán indicalo expresamente, incluíndo os motivos de oposición relacionados coa súa situación particular, e enviar os documentos que indiquen a súa situación administrativa, tipo de persoal e antigüidade na Administración a través do seguinte enderezo electrónico <xestion.egap@xunta.gal>.

CVE-DOG: a95md1e4-pdd7-daz1-m5i2-5yezrmhgtv04



4. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilite a obtención dos citados datos, poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

5. A EGAP poderá pedir as certificacións necesarias para realizar a selección de acordo cos criterios recolleitos nesta convocatoria.

Quinta. Criterios de selección

1. Os criterios selectivos que serán empregados son os sinalados con carácter xeral na Resolución da Escola Galega de Administración Pública, do 10 de maio de 2023 (DOG núm. 96, de 23 de maio), corrección de erros (DOG núm. 130, do 10 de xullo 2023, e DOG núm. 148, do 4 de agosto de 2023), sen prexuízo dos criterios específicos establecidos na epígrafe «persoal destinatario» de cada actividade formativa incluída no anexo II desta resolución.

Os empates desfaranse de acordo co resultado do sorteo a que se refire o artigo 9 do Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, aprobado polo Decreto 95/1991, do 20 de marzo (DOG núm. 58, do 25 de marzo). Para o ano 2025, segundo a Resolución da Consellería de Facenda e Administración Pública, do 21 de xaneiro de 2025 (DOG núm. 16, do 24 de xaneiro), comezarase pola letra F.

A totalidade das prazas das actividades formativas desta convocatoria repartiranse nun 70 % para o persoal ao servizo da Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional; nun 10 % para o persoal das entidades locais; outro 10 % para a Administración de xustiza de Galicia, e o 10 % restante para o persoal de administración e servizos das universidades do SUG.

No caso de que non haxa un número suficiente de solicitantes da Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional, poderá completarse o número de alumnos/as asignado co persoal das restantes administracións destinatarias desta resolución de convocatoria, de acordo cos criterios xerais de selección.

2. No caso de que non haxa un suficiente número de solicitantes que cumpra os requisitos do curso, poderá completarse o número de alumnos/as asignado mediante a apertura dun novo prazo público na páxina web da EGAP.

CVE-DOG: a95md1e4-pdd7-daz1-m5i2-5yezrmhgtv04



Sexta. *Publicación da relación do alumnado seleccionado*

1. A EGAP publicará no enderezo <<https://egap.xunta.gal>> unha relación das persoas admitidas, en reserva e excluídas para participar en cada curso, de acordo co disposto no artigo 45.1.b) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE núm. 236, do 2 de outubro).

Sétima. *Cambios ou substitucións na selección. A renuncia. A asistencia e o seguimento das actividades formativas***1. Os cambios ou as substitucións na selección:**

En ningún caso serán admitidos cambios ou substitucións entre as persoas seleccionadas.

2. A renuncia:

a) As persoas seleccionadas poderán renunciar á actividade formativa. A renuncia debe ser comunicada por escrito á EGAP. Na páxina web da Escola está dispoñible un modelo de renuncia.

1º. Para formalizar a renuncia poderase utilizar, alén do previsto no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE núm. 236, do 2 de outubro), o enderezo de correo electrónico <xestion.egap@xunta.gal>.

2º. O prazo para presentar escrito de renuncia iniciárase a partir da publicación da listaxe de persoas admitidas, en reserva e excluídas, e finalizará tres días antes do inicio da actividade formativa.

b) As persoas que incumpran o prazo previsto pasarán ao final das listaxes de agarda de todas as actividades formativas que soliciten e cuxo prazo de matrícula comece dentro do ano seguinte contado a partir do día da finalización desta actividade, agás que a renuncia teña algunha das seguintes causas:

- Por causa de forza maior suficientemente acreditada.
- Por necesidades do servizo debidamente motivadas por parte dos/das responsables dos centros directivos.



– Por razóns de conciliación familiar.

– Por outras causas xustificadas documentalmente.

3. A asistencia e o seguimento das actividades formativas:

3.1. Seguimento das actividades presenciais e telepresenciais:

a) Son obrigatorias a asistencia ás sesións da actividade formativa e mais a puntualidade.

b) Durante a actividade formativa terá lugar un control permanente de asistencia e puntualidade, incluídos controis extraordinarios.

c) As faltas de asistencia:

1º. Non poden superar en ningún caso o 10 % das horas lectivas. En todo caso, as faltas de asistencia deberán xustificarse documentalmente ante as persoas responsables da actividade formativa nun prazo máximo de 10 días contados a partir do día da finalización desta actividade. As persoas que incumpran o antedito perderán o dereito ao certificado de participación na actividade formativa.

2º. Aquelas persoas cuxas faltas de asistencia superen o 50 % das horas lectivas pasarán ao final das listaxes de agarda de todas as actividades formativas que soliciten e cuxo prazo de matrícula comece dentro do ano seguinte contado a partir do día da finalización desta actividade.

3.2. Seguimento das actividades de teleformación:

As persoas que non completen o 50 % das actividades e tarefas propostas pola titoría pasarán ao final das listaxes de agarda de todas as actividades formativas que soliciten e cuxo prazo de matrícula comece dentro do ano seguinte contado a partir do día da finalización desta actividade.

3.3. Seguimento das actividades de modalidade mixta (teleformación e telepresencial/ presencial).

a) Son obrigatorias a asistencia ás sesións da actividade formativa e mais a puntualidade.



b) Durante a actividade formativa terá lugar un control permanente de asistencia e puntualidade, incluídos controis extraordinarios.

c) As faltas de asistencia:

1) Non poden superar en ningún caso o 10 % das horas presenciais e/ou telepresenciais. En todo caso, as faltas de asistencia deberán xustificarse documentalmente ante as persoas responsables da actividade formativa nun prazo máximo de 10 días contados a partir do día da finalización desta actividade. As persoas que incumpran o antedito perderán o dereito ao certificado de participación na actividade formativa.

2) Aquelas persoas cuxas faltas de asistencia superen o 50 % das horas lectivas pasarán ao final das listaxes de agarda de todas as actividades formativas que soliciten e cuxo prazo de matrícula comece dentro do ano seguinte contado a partir do día da finalización desta actividade.

4. A asistencia e a puntualidade:

É obrigatoria a asistencia con puntualidade ás probas de avaliación. En ningún caso se admitirán cambios na asignación de quendas das probas, excepto que concorra algunha das causas previstas no número 2.a) da base sétima.

Para poder facer a proba de avaliación, cada participante debe lembrar o contrasinal que lle permite entrar na aula virtual, que coincide co que lle dá acceso á zona de matrícula.

As persoas que non se presenten ás probas na quenda asignada perderán o dereito ao certificado de superación da proba.

Oitava. *Superación da actividade formativa*

a) Para as actividades presenciais e telepresenciais: a superación dunha proba de avaliación que se realizará ao final delas.

b) Para as actividades de teleformación:

– A adecuada realización de todas as actividades que a titoría propoña. Estas deben constar debidamente presentadas e superadas nos prazos estipulados na programación didáctica do curso. A non superación das actividades obrigatorias suporá a perda automática do dereito a participar no exame final.



– A superación das probas de avaliación que para os efectos se establezan.

Ao inicio da actividade formativa publicarase o correspondente programa na plataforma de teleformación e indicaranse as probas de avaliación previstas que se realizarán en liña, así como as datas e o horario en que estas terán lugar. A EGAP informará a través da súa páxina web e tamén a través da plataforma de teleformación das datas concretas e do horario da proba final.

Novena. *Certificados*

Para a obtención do certificado de aproveitamento o alumnado deberá obter a avaliación positiva do seu profesorado, o cal emitirá un informe en que declare apto/a ou non apto/a cada alumno/a en función do resultado da proba de avaliación.

Décima. *Facultades da EGAP*

1. A EGAP resolverá aquelas incidencias que poidan producirse no desenvolvemento e na xestión das actividades formativas e pode suprimir algunha, ampliar novas edicións da programación ou programar outras actividades diferentes cando así o exijan as circunstancias que afecten a súa organización ou docencia. Tamén lle corresponde á EGAP prover canto sexa necesario para a execución e cumprimento desta resolución.

2. A execución material das actividades queda condicionada á existencia de crédito orzamentario adecuado e dispoñible e á autorización correspondente do gasto.

3. No suposto de que o número de admitidos/as sexa inferior ao 50 % das prazas convocadas, a EGAP reserva para si o dereito a suspender, cancelar ou agrupar varias edicións das actividades, caso en que empregará os medios de notificación ás persoas interesadas previstos na normativa vixente.

4. A EGAP poderá modificar os contidos, o desenvolvemento, as datas e os lugares das actividades formativas, así como resolver todas as continxencias que poidan xurdir. Todas as modificacións que afecten o desenvolvemento das actividades serán anunciadas na páxina web da Escola.

5. A EGAP garantirá na totalidade das actividades derivadas desta convocatoria a promoción da igualdade real e efectiva entre mulleres e homes, a eliminación de calquera tipo de discriminación e o fomento dos dereitos de conciliación.

CVE-DOG: a95md1e4-pdd7-daz1-m5i2-5yezrmhgtv04





ANEXO II

Código	Edición	Denominación	Persoal destinatario	Prazas	Horas	Modalidade/ localidade	Data de inicio	Data de fin	Data e hora do exame
FC25156	Santiago	A atención ás mulleres vítimas de violencia de xénero: especial referencia ás mulleres e nenas con discapacidade	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional, das entidades locais, da Administración de xustiza e persoal de administración e servizos (PAS) das universidades do Sistema universitario de Galicia (UDC, USC e UVigo).	24	20	Presencial Santiago de Compostela	8, 9, 10, 15 e 16 de setembro, das 16.30 ás 20.30 horas		O 16.9.2025 ás 20.00 horas
FC25157	Santiago	Detección da violencia de xénero na muller maior: Medidas de prevención e protección	Dirixido a todo o persoal de servizos sociais das institucións sociais, centros de día ou SAD.	25	20	Presencial Santiago de Compostela	6, 7, 8, 13 e 14 de outubro, das 16.30 ás 20.30 horas		O 14.10.2025 ás 20.00 horas
FC25158	Santiago	Violencia sobre a muller e os menores. A violencia vicaria	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional, das entidades locais, da Administración de xustiza e persoal de administración e servizos (PAS) das universidades do Sistema universitario de Galicia (UDC, USC e UVigo).	35	14	Presencial Santiago de Compostela	9, 10, 11 e 16 de xuño, das 16.30 ás 19.30 horas, e 17 de xuño, das 16.30 ás 18.30 horas		O 17.6.2025 ás 18.00 horas
FC25159	Santiago	O acoso sexual, por razón de sexo, orientación sexual ou identidade de xénero no ámbito laboral	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional, das entidades locais, da Administración de xustiza e persoal de administración e servizos (PAS) das universidades do Sistema universitario de Galicia (UDC, USC e UVigo).	25	10	Presencial Santiago de Compostela	6, 13, 20 e 27 de outubro, das 16.30 ás 19.00 horas		O 27.10.2025 ás 18.30 horas
FC25160	T01	A educación emocional como ferramenta para promover a igualdade	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional, das entidades locais, da Administración de xustiza e persoal de administración e servizos (PAS) das universidades do Sistema universitario de Galicia (UDC, USC e UVigo).	50	20	Teleformación	5.5.2025	26.5.2025	O 30.5.2025 ás 16.30 h
FC25160	T02	A educación emocional como ferramenta para promover a igualdade	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional, das entidades locais, da Administración de xustiza e persoal de administración e servizos (PAS) das universidades do Sistema universitario de Galicia (UDC, USC e UVigo).	50	20	Teleformación	1.10.2025	21.10.2025	O 24.10.2025 ás 16.30 horas
FC25161	T01	A garantía integral da liberdade sexual. Especial referencia na Administración de xustiza	Empregados públicos e membros das bolsas de interinos dos corpos de xestión procesual e administrativa, tramitación procesual e administrativa e auxilio xudicial da Administración de xustiza, dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia.	50	30	Teleformación	8.5.2025	8.6.2025	O 12.6.2025 ás 17.30 horas





Código	Edición	Denominación	Persoal destinatario	Prazas	Horas	Modalidade/ localidade	Data de inicio	Data de fin	Data e hora do exame
FC25161	T02	A garantía integral da liberdade sexual. Especial referencia na Administración de xustiza	Empregados públicos e membros das bolsas de interinos dos corpos de xestión procesual e administrativa, tramitación procesual e administrativa e auxilio xudicial da Administración de xustiza, dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia.	50	30	Teleformación	15.9.2025	15.10.2025	O 20.10.2025 ás 18.30 horas
FC25162	Mixto	A integración da perspectiva de xénero na práctica administrativa: nivel medio	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional, das entidades locais, da Administración de xustiza e persoal de administración e servizos (PAS) das universidades do Sistema universitario de Galicia (UDC, USC e UVigo).	50	150	Teleformación +telepresenza	Do 5.5.2025 ao 18.11.2025 Sesións telepresenza (ver ficha do curso)		O 24.11.2025 ás 18.30 horas
FC25163	T01	A xestión da diversidade sexual e de xénero desde unha perspectiva de dereitos	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional, das entidades locais, da Administración de xustiza e persoal de administración e servizos (PAS) das universidades do Sistema universitario de Galicia (UDC, USC e UVigo).	50	20	Teleformación	2.10.2025	23.10.2025	O 28.10.2025 ás 17.30 horas
FC25164	T01	Acompañamento social e apoio ás mulleres que sofren violencia de xénero	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional, das entidades locais, da Administración de xustiza e persoal de administración e servizos (PAS) das universidades do Sistema universitario de Galicia (UDC, USC e UVigo).	50	25	Teleformación	11.9.2025	6.10.2025	O 10.10.2025 ás 19.00 horas
FC25165	T01	Aproximación á violencia de xénero	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional, das entidades locais, da Administración de xustiza e persoal de administración e servizos (PAS) das universidades do Sistema universitario de Galicia (UDC, USC e UVigo).	50	30	Teleformación	9.10.2025	10.11.2025	O 14.11.2025 ás 17.30 horas
FC25166	T01	Ciberviolencias sexistas	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional, das entidades locais, da Administración de xustiza e persoal de administración e servizos (PAS) das universidades do Sistema universitario de Galicia (UDC, USC e UVigo).	50	25	Teleformación	19.5.2025	13.6.2025	O 18.6.2025 ás 18.30 horas
FC25167	T01	Conciliación da vida persoal, familiar e laboral	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional, das entidades locais, da Administración de xustiza e persoal de administración e servizos (PAS) das universidades do Sistema universitario de Galicia (UDC, USC e UVigo).	50	30	Teleformación	8.5.2025	9.6.2025	O 13.6.2025 ás 17.30 horas





Código	Edición	Denominación	Persoal destinatario	Prazas	Horas	Modalidade/ localidade	Data de inicio	Data de fin	Data e hora do exame
FC25167	T02	Conciliación da vida persoal, familiar e laboral	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional, das entidades locais, da Administración de xustiza e persoal de administración e servizos (PAS) das universidades do Sistema universitario de Galicia (UDC, USC e UVigo).	50	30	Teleformación	9.9.2025	8.10.2025	O 13.10.2025 ás 17.00 horas
FC25167	T03	Conciliación da vida persoal, familiar e laboral	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional, das entidades locais, da Administración de xustiza e persoal de administración e servizos (PAS) das universidades do Sistema universitario de Galicia (UDC, USC e UVigo).	50	30	Teleformación	13.10.2025	13.11.2025	O 18.11.2025 ás 17.30 horas
FC25168	Telepresenza	Delitos de odio por orientación sexual e identidade de xénero	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional, das entidades locais, da Administración de xustiza e persoal de administración e servizos (PAS) das universidades do Sistema universitario de Galicia (UDC, USC e UVigo).	30	20	Telepresenza	13 de maio, das 16.30 ás 19.00 horas; 20 e 22 de maio, das 16.30 ás 19.30 horas; 3, 5 e 17 de xuño, das 16.30 ás 19.30 horas; 10 de xuño, das 16.30 ás 19.00 horas		O 17.6.2025 ás 19.00 horas
FC25169	T01	Elaboración e implantación de plans de igualdade nas entidades locais	Persoal ao servizo das entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia.	50	25	Teleformación	20.10.2025	14.11.2025	O 19.11.2025 ás 17.30 horas
FC25170	T01	Igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero adaptado á lectura fácil	Persoal empregado público que superou o proceso selectivo para a cobertura de prazas reservadas para seren cubertas por persoas que acrediten discapacidade intelectual.	50	20	Teleformación	27.5.2025	16.6.2025	O 20.6.2025 ás 18.00 horas
FC25171	T01	Igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero. Nivel básico	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional, das entidades locais, da Administración de xustiza e persoal de administración e servizos (PAS) das universidades do Sistema universitario de Galicia (UDC, USC e UVigo).	50	20	Teleformación	7.5.2025	27.5.2025	O 2.6.2025 ás 18.00 horas
FC25171	T02	Igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero. Nivel básico	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional, das entidades locais, da Administración de xustiza e persoal de administración e servizos (PAS) das universidades do Sistema universitario de Galicia (UDC, USC e UVigo).	50	20	Teleformación	7.5.2025	27.5.2025	O 2.6.2025 ás 18.00 horas
FC25171	T03	Igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero. Nivel básico	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional, das entidades locais, da Administración de xustiza e persoal de administración e servizos (PAS) das universidades do Sistema universitario de Galicia (UDC, USC e UVigo).	50	20	Teleformación	9.6.2025	29.6.2025	O 3.7.2025 ás 17.30 horas





Código	Edición	Denominación	Persoal destinatario	Prazas	Horas	Modalidade/ localidade	Data de inicio	Data de fin	Data e hora do exame
FC25171	T04	Igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero. Nivel básico	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional, das entidades locais, da Administración de xustiza e persoal de administración e servizos (PAS) das universidades do Sistema universitario de Galicia (UDC, USC e UVigo).	50	20	Teleformación	9.6.2025	29.6.2025	O 3.7.2025 ás 17.30 horas
FC25171	T05	Igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero. Nivel básico	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional, das entidades locais, da Administración de xustiza e persoal de administración e servizos (PAS) das universidades do Sistema universitario de Galicia (UDC, USC e UVigo).	50	20	Teleformación	16.9.2025	7.10.2025	O 10.10.2025 ás 18.30 horas
FC25171	T06	Igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero. Nivel básico	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional, das entidades locais, da Administración de xustiza e persoal de administración e servizos (PAS) das universidades do Sistema universitario de Galicia (UDC, USC e UVigo).	50	20	Teleformación	16.9.2025	7.10.2025	O 10.10.2025 ás 18.30 horas
FC25171	T07	Igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero. Nivel básico	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional, das entidades locais, da Administración de xustiza e persoal de administración e servizos (PAS) das universidades do Sistema universitario de Galicia (UDC, USC e UVigo).	50	20	Teleformación	30.10.2025	18.11.2025	O 21.11.2025 ás 17.00 horas
FC25171	T08	Igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero. Nivel básico	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional, das entidades locais, da Administración de xustiza e persoal de administración e servizos (PAS) das universidades do Sistema universitario de Galicia (UDC, USC e UVigo).	50	20	Teleformación	30.10.2025	18.11.2025	O 21.11.2025 ás 17.00 horas
FC25172	T01	Integración da perspectiva de xénero na xestión pública	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional, das entidades locais, da Administración de xustiza e persoal de administración e servizos (PAS) das universidades do Sistema universitario de Galicia (UDC, USC e UVigo).	50	30	Teleformación	6.5.2025	5.6.2025	O 10.6.2025 ás 17.30 horas
FC25173	T01	Lei 4/2023, do 28 de febreiro, para a igualdade real e efectiva das persoas trans e para a garantía dos dereitos das persoas LGTBI: aplicación práctica para o persoal do Rexistro Civil	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional, das entidades locais, da Administración de xustiza e persoal de administración e servizos (PAS) das universidades do Sistema universitario de Galicia (UDC, USC e UVigo).	50	10	Teleformación	6.5.2025	15.5.2025	O 20.5.2025 ás 17.00 horas



Código	Edición	Denominación	Persoal destinatario	Prazas	Horas	Modalidade/ localidade	Data de inicio	Data de fin	Data e hora do exame
FC25174	T01	Linguaxe administrativa non sexista e imaxe igualitaria na práctica da xestión pública	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional, das entidades locais, da Administración de xustiza e persoal de administración e servizos (PAS) das universidades do Sistema universitario de Galicia (UDC, USC e UVigo).	50	30	Teleformación	28.5.2025	29.6.2025	O 3.7.2025 ás 16.30 horas
FC25174	T02	Linguaxe administrativa non sexista e imaxe igualitaria na práctica da xestión pública	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional, das entidades locais, da Administración de xustiza e persoal de administración e servizos (PAS) das universidades do Sistema universitario de Galicia (UDC, USC e UVigo).	50	30	Teleformación	14.10.2025	13.11.2025	O 18.11.2025 ás 19.30 horas
FC25175	T01	Medidas preventivas e actuacións fronte ao acoso e as violencias sexuais e psicolóxicas no traballo. Protocolo da Xunta de Galicia	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional, das entidades locais, da Administración de xustiza e persoal de administración e servizos (PAS) das universidades do Sistema universitario de Galicia (UDC, USC e UVigo).	50	20	Teleformación	9.6.2025	30.6.2025	O 4.7.2025 ás 16.30 horas
FC25175	T02	Medidas preventivas e actuacións fronte ao acoso e as violencias sexuais e psicolóxicas no traballo. Protocolo da Xunta de Galicia	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional, das entidades locais, da Administración de xustiza e persoal de administración e servizos (PAS) das universidades do Sistema universitario de Galicia (UDC, USC e UVigo).	50	20	Teleformación	21.10.2025	11.11.2025	O 14.11.2025 ás 18.00 horas
FC25176	T01	O enfoque de xénero no deseño, execución e avaliación de plans, programas e proxectos	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional, das entidades locais, da Administración de xustiza e persoal de administración e servizos (PAS) das universidades do Sistema universitario de Galicia (UDC, USC e UVigo).	50	25	Teleformación	25.9.2025	21.10.2025	O 24.10.2025 ás 17.30 horas
FC25177	T01	Políticas públicas para a igualdade efectiva entre mulleres e homes	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional, das entidades locais, da Administración de xustiza e persoal de administración e servizos (PAS) das universidades do Sistema universitario de Galicia (UDC, USC e UVigo).	50	30	Teleformación	23.9.2025	23.10.2025	O 28.10.2025 ás 18.30 horas
FC25178	T01	Prevención de riscos laborais desde a perspectiva de xénero	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional, das entidades locais, da Administración de xustiza e persoal de administración e servizos (PAS) das universidades do Sistema universitario de Galicia (UDC, USC e UVigo).	50	20	Teleformación	5.5.2025	25.5.2025	O 28.5.2025 ás 18.30 horas





Código	Edición	Denominación	Persoal destinatario	Prazas	Horas	Modalidade/ localidade	Data de inicio	Data de fin	Data e hora do exame
FC25178	T02	Prevención de riscos laborais desde a perspectiva de xénero	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional, das entidades locais, da Administración de xustiza e persoal de administración e servizos (PAS) das universidades do Sistema universitario de Galicia (UDC, USC e UVigo).	50	20	Teleformación	7.10.2025	26.10.2025	O 29.10.2025 ás 19.00 horas
FC25179	T01	Sensibilización e prevención da violencia de xénero	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional, das entidades locais, da Administración de xustiza e persoal de administración e servizos (PAS) das universidades do Sistema universitario de Galicia (UDC, USC e UVigo).	50	20	Teleformación	8.5.2025	4.6.2025	O 9.6.2025 ás 17.00 horas
FC25179	T02	Sensibilización e prevención da violencia de xénero	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional, das entidades locais, da Administración de xustiza e persoal de administración e servizos (PAS) das universidades do Sistema universitario de Galicia (UDC, USC e UVigo).	50	20	Teleformación	2.10.2025	23.10.2025	O 28.10.2025 ás 19.00 horas
FC25180	Mixta	Sensibilización, igualdade de trato e non discriminación cara ás persoas LGTBI e prevención da LGTBIfobia	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional, das entidades locais, da Administración de xustiza e persoal de administración e servizos (PAS) das universidades do Sistema universitario de Galicia (UDC, USC e UVigo).	25	20	Presencial (Santiago de Compostela)+ telepresenza	Sesiões telepresenciais: 19 e 20 de maio, das 10.00 ás 14.00 horas. Sesiões presenciais: 26 e 27 de maio e 2 de xuño, das 10.00 ás 14.00 horas		O 2.6.2025 ás 13.30 horas
FC25181	T01	Sexting, sextorsión, violencia de xénero dixital	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional, das entidades locais, da Administración de xustiza e persoal de administración e servizos (PAS) das universidades do Sistema universitario de Galicia (UDC, USC e UVigo).	50	20	Teleformación	19.5.2025	9.6.2025	O 13.6.2025 ás 18.30 horas
FC25181	T02	Sexting, sextorsión, violencia de xénero dixital	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional, das entidades locais, da Administración de xustiza e persoal de administración e servizos (PAS) das universidades do Sistema universitario de Galicia (UDC, USC e UVigo).	50	20	Teleformación	15.9.2025	3.10.2025	O 8.10.2025 ás 17.30 horas
FC25182	T01	Violencia de xénero na adolescencia e xuventude	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional, das entidades locais, da Administración de xustiza e persoal de administración e servizos (PAS) das universidades do Sistema universitario de Galicia (UDC, USC e UVigo).	50	30	Teleformación	9.9.2025	9.10.2025	O 14.10.2025 ás 19.00 horas

